



C O N C E L L O  
DE  
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS

**anteproxecto de ORDENANZA MUNICIPAL DE LIMPEZA DE  
TERREOS E SOARES E DE PROTECCIÓN CONTRA OS INCENDIOS  
FORESTAIS DO CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

## ÍNDICE

<b>EXPOSICIÓN DE MOTIVOS</b> .....	4
<b>CAPÍTULO I – DISPOSICIÓN XERAIS</b> .....	5
Artigo 1º. <i>Obrigas de rozas e limpezas de terreos e soares</i> .....	5
Artigo 2º. <i>Definicións</i> .....	5
Artigo 3º. <i>Ámbito de aplicación</i> .....	5
Artigo 4º. <i>Obligacións xerais</i> .....	5
<b>CAPÍTULO II – DA LIMPEZA DE TERREOS E SOARES E XESTIÓN DA BIOMASA</b> .....	6
Artigo 5º. <i>Actuacións de xestión da biomasa</i> .....	6
Artigo 6º. <i>Terreos e soares en solo urbano, urbanizable e de núcleo rural</i> .....	6
Artigo 7º. <i>Terreos e soares situados no entorno de solo urbano, urbanizable e de núcleo rural</i> ...	6
Artigo 8º. <i>Terreos situados a beira de predios, viñas, labradíos, etc.</i> .....	7
Artigo 9º. <i>Terreos e soares colindantes con estradas municipais e pistas</i> .....	7
Artigo 10º. <i>Novas prantacións</i> .....	7
Artigo 11º. <i>Plantación en medianeiras ou lindeiros</i> .....	7
Artigo 12º. <i>Medicións das distancias</i> .....	8
Artigo 13º. <i>Condicións de seguridade, salubridade e ornato público</i> .....	8
Artigo 14º. <i>Comunicacións e autorizacións de queimas</i> .....	8
Artigo 15º. <i>Comunicación de queimas controladas</i> .....	8
Artigo 16º. <i>Prescripcións para a realización dunha queima controlada</i> .....	9
<b>CAPÍTULO III – INFRACCIÓN</b> .....	10
Artigo 14º. <i>Consideración das infraccións</i> .....	10
Artigo 15º. <i>Infracción leves</i> .....	10
Artigo 16º. <i>Infraccións graves</i> .....	10
Artigo 17º. <i>Infraccións moi graves</i> .....	11
<b>CAPÍTULO IV - SANCIÓN E PROCEDEMENTO SANCIONADOR</b> .....	12
Artigo 18º. <i>Procedemento sancionador</i> .....	12
Artigo 19º. <i>Cuantía das sancións</i> .....	12
Artigo 20º. <i>Determinación das sancións</i> .....	11

Artigo 21º. <i>Interposición de recursos</i> .....	12
Artigo 22º. <i>Prescripción</i> .....	12
Artigo 23º. <i>Prazo para resolver e caducidade</i> .....	13
<b>DISPOSICIÓN DEROGATIVA ÚNICA</b> .....	14
<b>DISPOSICIÓN FINAIS</b> .....	14
<b>DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA</b> .....	14
<b>ANEXO I</b> .....	15
<b>ANEXO II</b> .....	16
<b>ANEXO III</b> .....	17
<b>ANEXO IV</b> .....	18
<b>ANEXO V</b> .....	19

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Por medio da presente Ordenanza, o Concello de Vilamartín de Valdeorras pretende regular, no ámbito das súas competencias, as actividades e comportamentos relativos ao medio ambiente, co obxecto de acadar as axeitadas condicións de limpeza e xestión da biomasa vexetal nos terreos e soares para evita-lo risco de incendio, e así mesmo, conseguir unhas condicións de salubridade, seguridade acordes co ornato público.

A presente Ordenanza dítase ao abeiro das facultades concedidas pola lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e en relación co preceptuado no Plan Xeral de Ordenación Municipal, na lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e na leis 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

## **CAPÍTULO I – DISPOSICIÓNS XERAIS**

### **Artigo 1º. Obrigas de rozas e limpezas de terreos e soares**

1. A limpeza de soares e outros terreos de propiedade privada, de Administracións públicas ou Organismos autónomos do Estado, que se atopen dentro do termo municipal presúmese que son obrigación e responsabilidade do seu propietario ou titular de dereito de aproveitamento.
2. Se os propietarios ou os titulares dos dereitos de aproveitamento non efectuasen a limpeza e/ou xestión da biomasa vexetal nos prazos fixados polo Concello, este poderá levar adiante os mesmos á costa de aquel (execución subsidiaria), logo de previo apercebimento en forma e sen prexuízo da imposición, previa a tramitación do oportuno expediente, das sancións procedentes.

### **Artigo 2º. Definicións**

Aos efectos desta Ordenanza terán a consideración de solo urbano, solo urbanizable, solo de núcleo rural e solo rústico, os definidos como tal no Plan Xeral de Ordenación Municipal e según os criterios da lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

### **Artigo 3º. Ámbito de aplicación**

A presente Ordenanza é de obrigado cumprimento para tódalas persoas e actividades que se atopen en funcionamento, exercicio ou uso no termo municipal de Vilamartín de Valdeorras.

### **Artigo 4º. Obligacións xerais.**

Toda persoa deberá extremar o coidado do entorno na realización de actividades no mesmo e nas actuacións de xestión da biomasa vexetal, respetando as prohibicións, limitacións ou normas establecidas ao efecto pola lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, así como na normativa básica estatal.

## **CAPÍTULO II – DA LIMPEZA DE TERREOS E SOARES E XESTIÓN DA BIOMASA**

### **Artigo 5º. Actuacións de xestión da biomasa**

As persoas responsables procederán a xestión da biomasa de acordo cos criterios establecidos por orde da consellaría competente en materia forestal e cos bandos e instrucións ditados pola Alcaldía.

Nas zonas nas que sexa obrigatoria a xestión da biomasa deberán cumprirse as condicións marcadas no Anexo IV.

### **Artigo 6º. Terreos e soares en solo urbano, urbanizable e de núcleo rural.**

1. As persoas propietarias ou usuarias dos terreos situados en solo clasificado como urbano, urbanizable ou de núcleo rural, deberán mantelos rozados e limpos na súa totalidade e deberano facer coa frecuencia necesaria e, en todo caso, cando se estime que por acumulación de maleza existe risco de incendio.
2. Asemade, deberán proceder as actuacións de desinfección, desinsectación e desratización cando resulten necesarias para mantelos en condicións axeitadas de salubridade.

### **Artigo 7º. Terreos e soares situados no entorno de solo urbano, urbanizable e de núcleo rural.**

1. As persoas propietarias ou titulares de dereitos en solo clasificado como rústico, xa sexa de protección ordinaria ou especial protección deberán mantelos rozados e limpos nunha franxa de 100 metros perimetral ao límite de solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como ao redor de edificacións, vivendas ailladas e urbanizacións, depósitos de basura, parques e instalacións industriais, ubicadas a menos de 400 metros de solo rústico de especial protección forestal.
2. As distancias no caso de edificacións, vivendas ailladas ou urbanizacións mediranse dende o paramento das mesmas. No caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, mediranse dende o límite das instalacións.
3. Ademáis nos primeiros 30 metros dende o límite da propiedade, non poderá haber especies das sinaladas no anexo I desta ordenanza, agás que se trate de árbores singulares ou que cumpran funcións ornamentais.
4. No caso de cámpines, gasolineras e industrias nas que se desenvolvan actividades perigosas con arranxo ao establecido na Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, as distancias para as especies sinaladas no anexo I será de 50 metros, dende o límite das instalacións.
5. A xestión da biomasa e retirada de especies do anexo I nas franxas as que se refire este artigo, nas edificacións e instalacións construídas sen licenza municipal ou incumplindo os términos nos que esta se obtivo darán dereito a unha indemnización polos danos e prexuízos que puidera ocasionar, así como ao lucro cesante, a cargo das persoas propietarias dos terreos edificados e a favor do propietario das especies afectadas.

Asi mesmo, a xestión da biomasa será realizada pola persoa propietaria dos terreos edificados, para a cual disporá dunha servidumbre de paso forzosa para acceder a

franja establecida. Este acceso farase polo tempo estrictamente preciso para as tarefas e polo punto menos perxudicial ou incómodo para os terreos gravados e, de ser compatible, polo máis convinte para o beneficiario. A retirada das especies arbóreas será realizada polo propietario das mesmas.

**Artigo 8º.** *Terreos situados a beira de predios, viñas, labradíos, etc.*

As persoas propietarias ou titulares de dereitos de terreos que non lles sexa de aplicación os artigos anteriores e estean situados á beira de predios de labrado, viñedos, etc. deberán estar rozados e limpos nunha franxa de 20 metros ao linde destes.

**Artigo 9º.** *Terreos e soares colindantes con estradas municipais e pistas.*

1. Os terreos que den fronte a estradas municipais, pistas ou camiños deberán manterse rozados e limpos na súa totalidade, e deberano facer coa periodicidade que sexa necesaria.
2. Nunha franxa de 5 metros dende o borde da estrada non poderá haber especies arbóreas frutais e nunha franxa de 10 metros para o resto de especies.  
A distancia medirase dende o borde da estrada ou pista ou do borde da cuneta se conta con ela.
3. Nas vías e camiños forestais estarase ao disposto na lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (art. 21 bis)

**Artigo 10º.** *Novas prantacións*

1. As prantacións de árbores de calquera natureza que se efectúen en terreos ou soares que teñan como lindeiros unha estrada municipal deberán estar retirados como mínimo as distancias que se marcan no anexo III.
2. Nos núcleos urbanos e rurais queda prohibido plantar árbores, agás cando sexa de forma illada e con fins ornamentais e hortícolas, ou ben en pequenos grupos que non ocupen unha superficie superior aos 50 metros cadrados.
3. As repoboacións forestais e as novas plantacións forestais atenderase ao disposto na lei 7/2012, de 28 de xuño, de Montes de Galicia e outra normativa específica de aplicación.

**Artigo 11º.** *Plantación en medianeiras ou lindeiros*

Ao realizar unha nova plantación nas proximidades de paredes medianeiras ou lindeiros, incluídos lindes coas vías públicas, respectaranse as seguintes distancias:

- a) árbores ou arbustos de 2 metros ou máis, de calquera natureza que se efectúen en terreos os soares deberán estar retirados como mínimo 3 metros dos lindes.
- b) árbores ou arbustos de menos de 2 metros de altura, de calquera natureza que se efectúen en terreos os soares deberán estar retirados como mínimo 1 metro do linde.
- c) No suposto de que se pretenda realizar unha pantalla ou barreira vexetal xunto ao límite da propiedade, para conformar o pechamento sobre a porción maciza

(según indicacións do PXOM), poderá dispoñerse a sebe a 0,50 m, esta distancia servirá para o mantemento desta e soporta a obriga de realizar podas e cortas necesarias para que non se supere a altura máxima permitida. Neste caso, as pantallas ou barreiras vexetais deberán manterse a unha altura máxima de 2,5 metros. Unicamente poderán utilizarse as especies adecuadas para esta finalidade (aligustre, photinia...) e, en ningún caso, se plantarán especies que ao crecer puideran causar coas súas raíces destrozos nas paredes ou no solo dos terreos colindantes.

Estas distancias de plantacións das sebes ós lindeiros poderán ser inferiores se son medianeiras e existe común acordo entre os propietarios.

Os propietarios destas novas plantacións ou das existentes deberán mantelas en todo momento en bo estado de conservación, ornato e limpeza e tamén deberán ser obxecto de podas para manter o seu porte así coma, cando sexa necesario contrarrestar o ataque de enfermidades ou cando exista perigo de caída de pólas ou contacto con infraestruturas ou instalacións dos diferentes servizos públicos. Asemade cando as pólas das árbores ou arbustos invadan a vía pública ocasionando algún tipo de inconvinte ou molestias aos usuarios.

**Artigo 12º. Medicións das distancias.**

Para a medición das distancias tomarase como punto de partida o punto central de cada tronco, fuste ou talo da especie vexetal ata a parte máis próxima do elemento, construción, instalación, etc. a protexer.

**Artigo 13º. Condicións de seguridade, salubridade e ornato público.**

Os propietarios ou titulares de dereito de toda clase de terreos e soares deberán mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, quedándolles expresamente prohibido manter neles lixo, maleza, entullos e residuos sólidos urbanos.

**Artigo 14º. Comunicacións e autorizacións de queimas.**

1. A queima de restos amoreados procedentes da xestión da biomasa e de actividades de xardinaría en terreos situados en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural será comunicada previamente, con carácter obrigatorio ao Concello nos termos que se fixen nos artigos correspondentes desta ordenanzas.
2. A queima de restos agrícolas ou forestais en terreos agrícolas, forestais ou naqueles situados nas zonas de influencia forestal deberán contar coa autorización ou comunicación preceptiva, según proceda, da consellería competente en materia forestal, nos termos que se fixen regulamentariamente por esta.

**Artigo 15º. Comunicación queimas controladas**

1. No caso de que sexa preciso realizar o control da biomasa vexetal por medio de queimas será preciso realizar a comunicación de queima ao Concello con antelación mínima de dous días.



2. A realización de queimas controladas só estará permitida fóra da época de perigo alto e cando o índice de risco diario de incendio forestal sexa baixo ou moderado.
3. As queimas controladas só poderán ser realizadas de acordo coas prescricións defininadas no artigo 16.
4. Para a comunicación de queima controlada cubrirase debidamente a solicitude indicada no Anexo V e entregarse na oficina do Rexistro do Concello de Vilamartín de Valdeorras.
5. Concederáse un prazo de 7 días para a realización da queima, a contar dous días despois da presentación da comunicación. Este prazo poderá reducirse se as condicións meterolóxicas así o aconsellan.

**Artigo 16º.** *Prescricións para a realización dunha queima controlada*

1. A queima non se iniciará antes de saír o sol e quedará totalmente extinguida dúas horas antes do momento da súa posta.
2. Previamente ao seu inicio, farase unha devase mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos cinco metros de largo, rodeando o perímetro que se vai queimar.
3. Non poderá iniciarse ningunha queima cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Así mesmo, se iniciados os traballos se producise a aparición de vento, suspenderase inmediatamente a operación procedendo a apagar o lume.
4. Non se abandonará a vixilancia da zona queimada, ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.
5. A comunicación de queima non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos e perdas a que houbera lugar no caso de producirse un incendio polo uso do lume cando conorra negligencia ou imprudencia.
6. O Concello poderá suspender temporalmente as comunicacións de queimas se as condicións meteorolóxicas así o aconsellan.

### **CAPÍTULO III - INFRACCIÓNS**

#### **Artigo 17º. Consideración das infraccións**

1. Terán a consideración de infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan as normas contidas nas leis e nesta Ordenanza, así como a desobediencia aos mandatos que dite o órgano competente en relación que neste se regulan.
2. A comisión dunha infracción dará lugar á incoación dos expedientes:
  - a) Procedemento sancionador
  - b) Procedemento para o cumprimento da orde de execución ou medida correctora: unha vez constatado o incumprimento da Ordenanza, sen prexuízo da incoación de expediente sancionador, requiriráselle á persoa responsable para que, no prazo de quince días naturais, adopte as medidas oportunas e as medidas correctoras necesarias para que cese o incumprimento desta Ordenanza. Este prazo poderase ampliar por causa xustificada noutros quince días. Se transcorrido o prazo non se cumpriu coa orde, o Concello poderá optar pola imposición de multa coercitiva (que é compatible coa sanción), e o outorgamento dun novo prazo ata que se dea cumprimento á Ordenanza, ou pola execución subsidiaria ás custas do infractor. Para o caso de que se opte por multa coercitiva, que será reiterada por lapsos de tempo que permitan o seu cumprimento, cada unha delas por separado non poderá superar a contía do 20% da multa fixada pola infracción.
- 3 As infracción clasificaranse en leves, graves e moi graves, conforme se establece nos artigos seguintes.

#### **Artigo 18º. Infracción leves**

Terán a consideración de infraccións leves:

- 1 Manter os terreos e soares sen a debida limpeza, hixiene ou ornato, salvo que provoque problemas de salubridade.
- 2 Non proceder a roza e limpeza de terreos e soares, así como da franxa de terreo establecida na presente Ordenanza.
- 3 En xeral o incumprimento desta Ordenanza cando a acción non estea tipificada como falta grave ou moi grave pola normativa.

#### **Artigo 19º. Infraccións graves**

Terán a consideración de infraccións graves:

- 1 Manter os terreos e soares sen a debida limpeza ou hixiene se se provoca un problema de salubridade pública.
- 2 Non proceder á roza e limpeza de terreos e soares establecida na presente Ordenanza provocando un alto risco de incendio debido as condicións atmosféricas ou polas propias características da maleza (altura, espesor, etc.); sendo esta circunstancia apreciada polos Servizos Técnicos do Concello.

- 3 A realización de plantacións sen gardar as distancias establecidas na presente Ordenanza.
- 4 A realización de plantacións en lugares expresamente prohibidos.
- 5 As accións ou omisións que constitúan incumprimento das orde de execución dictadas.
- 6 Non permitir o acceso ao persoal de inspección asignado polo Concello aos terreos e soares no caso de comprobación de denuncia.
- 7 A comisión dunha terceira infracción de carácter leve no prazo de 2 anos, sempre que con respecto as dúas anteriores, e a resolución sancionadora fose firme na vía administrativa. O prazo comezará a contar dende o día en que a primeira resolución sexa firme nesta vía.

**Artigo 20º. Infraccións moi graves**

Terán a consideración de infraccións moi graves:

- 1 A comisión dunha infracción na que se observe malicia ou intencionalidade, se produza unha irreversibilidade do dano causado, se produza dano moi grave aos recursos naturais ou grave perigo para a salubridade pública.
- 2 A comisión dunha terceira infracción de carácter grave no prazo de 2 anos, sempre que se produza con respecto ás dúas anteriores, e a resolución sancionadora fose firme na vía administrativa. O prazo comezará a contar dende o día en que a primeira resolución sexa firme.

## CAPÍTULO IV - SANCIONES E PROCEDIMIENTO SANCIONADOR

### **Artigo 21º.** *Procedemento sancionador.*

Sen prexuízo do carácter supletorio desta Ordenanza, o procedemento sancionador regularase pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O órgano competente para a resolución do procedemento sancionador é o Alcalde, conforme ao disposto no artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, sen prexuízo das facultades de delegación na Xunta de Goberno Local ou nun concelleiro.

### **Artigo 22º.** *Cuantía das sancións.*

Sen prexuízo de esixir as responsabilidades penais ou civís, cando proceda, a contía das sancións que se impoñerán polo seu incumprimento da presenta Ordenanza serán:

1. Infraccións leves: multa..... dende 60 ata 750 euros
2. Infracción graves: multa ..... dende 751 ata 1.500 euros
3. Infraccións moi graves: multa ..... dende 1.501 ata 3.000 euros

### **Artigo 23º.** *Determinación das sancións.*

Para a determinación concreta da sanción que se lle impoña, entre as asignadas a cada tipo de infracción, tomaranse en consideración:

- .A intencionalidade
- .A reiteración
- .A superficie afectada
- .A adopción de medidas tendentes a diminuír o dano
- .O ánimo de lucro
- .A afectación da salubridade pública
- .A época do ano e a súa transcendencia atmosférica

### **Artigo 24º.** *Interposición de recursos.*

Contra as resolucións da Alcaldía ou órgano competente, nas que se reflicten ás ordes de execución que poñan fin a vía administrativa, cabe interponer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense.

### **Artigo 25º.** *Prescrición*

- 1 As infraccións e sancións prescribirán segundo o disposto nas leis que as establezan. Se estas non fixan os prazos de prescrición, as infraccións moi graves prescribirán aos 3 anos, as graves aos 2 aos e as leves aos 6 meses.

- 2 As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos 3 anos, as sancións impostas por faltas graves aos dous anos e as sancións impostas por faltas leves ao ano.
- 3 O prazo de prescrición das infraccións comenará a contarse dende o día no que a infracción se cometese.
- 4 Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento sancionador, renovándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causas imputables ao presunto responsable.
- 5 O prazo da prescrición das sancións comenará a contar dende o día seguinte a aquel no que adquirirá firmeza a resolución pola que se impón a sanción.
- 6 Interromperá a prescrición a iniciación, co coñecemento da persoa interesada, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

**Artigo 26º. Prazo para resolver e caducidade**

Sen prexuízo tamén do carácter supletorio desta Ordenanza nesta materia, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución expresa que poña fin ao procedemento será de 3 meses, que comenarán a contar dende a data de inicio do procedemento administrativo sancionador, que se corresponde coa data do acordo da incoación. Tendo transcorrido este prazo sen que se notificase a resolución, producirase a súa caducidade, co arquivo das actuacións, e sen prexuízo da obriga de ditar a correspondente resolución.

No caso de que o procedemento se suspendese ou paralizase por causas imputables ao interesado, interromperá o cómputo do prazo para resolver.

De conformidade co disposto pola lexislación básica do procedemento administrativo, ou órgano competente para resolver, de oficio ou a instancia da persoa instrutora, pode acordar, mediante resolución motivada, unha ampliación do prazo de aplicación que non exceda da metade do prazo inicialmente establecido.

A caducidade do procedemento non produce por si mesma a prescrición da infracción. Non obstante o anterior, os procedementos caducados non interromperán o prazo de prescrición.

### **DISPOSICIÓN DEROGATIVA ÚNICA**

Coa entrada en vigor desta Ordenanza quedarán derogadas cantas normas municipais de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatible co seu regulado.

### **DISPOSICIÓN FINAIS**

**Primeira:** coa entrada en vigor de normas de rango superior ao desta Ordenanza que afecten ás materias reguladas nela, determinarase a aplicación automática daquelas, sen prexuízo da posterior adaptación que proceda.

**Segunda:** esta Ordenanza entrará en vigor, de conformidade co disposto nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a partir do día seguinte da publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA**

As plantacións arbóreas e forestais existentes na entrada en vigor da presente Ordenanza que teñan idade superior a dez anos, deberán adecuarse ó disposto nesta Ordenanza nos próximos cinco anos a partir da entrada en vigor do presente regulamento.

## ANEXO I

ESPECIE	NOME COMÚN
<i>Pinus pinaster</i>	piñeiro do país
<i>Pinus sylvestris</i>	piñeiro silvestre
<i>Pinus radiata</i>	piñeiro de Monterrey
<i>Pseudotsuga menziesii</i>	piñeiro de Oregón
<i>Acacia dealbata</i>	mimosa
<i>Acacia melanoxylum</i>	acacia negra
<i>Eucalyptus spp</i>	eucalipto
<i>Calluna vulgaris</i>	queiruga de cruz
<i>Chamaespartium</i>	carqueixa
<i>Cytisus spp</i>	xesta
<i>Erica spp</i>	uz, carpaza
<i>Genista spp</i>	xesta, piorno
<i>Pteridium aquilinum</i>	fento común
<i>Rubus spp</i>	silva, silveira
<i>Ulex europaeus</i>	toxo

En todo caso, poderán conservarse árbores das especies sinaladas no apartado anterior en calquera clase de terreos en caso de tratarse de árbores singulares, ou aqueles que cumplan funcións ornamentais ou se atopen aillados e non supuxeran un risco de propagación de incendios forestais.

**ANEXO II**

Relación de especies:

Coníferas:

ESPECIE	NOME COMÚN
<i>Pinus sylvestris</i> L.	piñeiro silvestre
<i>Taxus baccata</i> L.	teixo

Frondosas:

ESPECIE	NOME COMÚN
<i>Alnus glutinosa</i> (L.) Gaertn.	ameneiro
<i>Hacer pseudopiantanus</i> L.	pradairo
<i>Betula</i> spp.	bidueiro
<i>Fraxinus excelsio</i> L.	freixo
<i>Fraxinus angustifolia</i> Vahl.	freixa
<i>Castanea sativa</i> Mill.	castiñeiro
<i>Castanea x híbrida</i>	castiñeiro híbrido
<i>Prunus aviun</i> L.	cerdeira
<i>Quercus robur</i> L.	carballo
<i>Quercus pyrenaica</i> Will.	cerquiño
<i>Quercus suber</i> L.	sobreira
<i>Quercus petraea</i> (Matts) Liebl.	carballo albar
<i>Quercus rotundifolia</i> Lam.	aciñeira
<i>Corylus avellana</i> L.	abeleira
<i>Fagus sylvatica</i>	faia
<i>Ulmus glabra, minor</i>	umeiro
<i>Laurus nobilis</i>	loureiro
<i>Sorbus aria</i> L.	sorbeira do monte
<i>Sorbus aucuparia</i> L.	capudre
<i>Juglans regia</i> L.	nogueira
<i>Arbutus unedo</i> L.	érbedo



**ANEXO III**

Distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais:

a) Con parcelas forestais	2 metros
b) Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria	10 metros
c) Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria	4 metros cando se empreguen especies frondosas do anexo II e 10 metros no resto das especies
d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril	4 metros cando se empreguen especies frondosas do anexo II e 10 metros no resto das especies
e) Con pistas forestais principais	2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo II, 4 metros no resto das especies en xeral
f) dende a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable en cada caso, da infraestrutura eléctrica	5 metros para todas as especies
g) con canles fluviais de máis de 2 metros de largo	5 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo II, e 15 metros no resto de especies, contados dese o dominio público. Non será aplicable en actuacións de recuperación ambiental
h) Con edificacións, vivendas ailladas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra de solor urbano e de núcleo rural	15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo II, e 30 metros no resto das especies
i) con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado	
j) con cámpings, gasolinerías e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento	25 metros para especies frondosas do anexo II, e 50 metros para o resto de especies

**ANEXO IV**

Nas zonas que sexa obrigatorio realizar a xestión da biomasa, definidas na presente Ordenanza, deberán ser cumpridos acumulativamente os seguintes criterios xerías:

1. No estrato arbóreo, as masas serán mixtas ou de frondosas caducifolias e a distancia entre plantas será, como mínimo, de 7 metros e mantendo as copas tanxentes. A poda debe ser do 35% da altura da árbore ata que este alcance os 11,4 metros, altura a partir da cal a poda debe alcanzar o mínimo de 4 metros tirando por riba do solo.
2. No estrado arbustivo e herbáceo deberán cumprirse as seguintes condicións:
  - a. debe ser garantizada a discontinuidade horizontal dos combustible entre a infraestrutura e o límite externo da faixa de xestión da biomasa.
  - b. a altura máxima da vexetación, arbustiva e herbácea, é a que consta no cadro adxunto, variando en función da porcentaxe de cobertura do solo:

% do solo arbóreo cuberto	altura máxima de vexetación (cm)
< 20	100
20 – 50	40
>50	20

3. os estratos arbóreo, arbustivo e herbáceo remanentes deben ser organizados espacialmente de maneira que se evite a continuidade vertical dos diferentes estratos combustibles.

E aqueles outros criterios que sexan de aplicación según o disposto na Orde de 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal.

ANEXO V

Num. comunicación.....

**COMUNICACIÓN QUEIMA CONTROLADA**

DATOS DO SOLICITANTE	
D/Dª	N.I.F.
Enderezo:	Nº
Piso: Tf. C.P. Localidade:	
Provincia:	

**COMUNICA :**

A súa intención de realizar unha queima controlada na seguinte propiedade:

DATOS DA PROPIEDAD	
Referencia catastral	Polígono Parcela
Enderezo:	Nº
Localidade	
Relación:	<input type="checkbox"/> Propietario <input type="checkbox"/> Xornaleiro <input type="checkbox"/> Arrendatario <input type="checkbox"/> Outros .....

Coñezo e acepto a normativa vixente relativa as comunicacións de queima

DATAS NAS QUE PODE QUEIMAR	
Dende:	ata:

En Vilamartín, a ..... de ..... de .....

Asdo.....